

MAG/avr

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN
LOCAL, TRANSFRONTEIRIZA E DE COORDINACIÓN DAS EMERXENCIAS
PROVINCIAIS DO DÍA 19/06/2026

ASISTENTES

PRESIDENTA: D.^a María Pilar Ramallo Vázquez

VOGAIS: D. Roberto José Álvarez Carrero

D. Javier Tourís Romero, en substitución de D.^a Luisa María Sánchez Méndez

D. Rafael Domínguez Artime

D. Jorge Cubela Lopez

D. Jesús Vázquez Almuíña

D. Ricardo Martínez Chantada

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D.^a Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D.^a Digna Rosa Rivas Gómez

D. Paco Ferreira González

D. Gregorio Luis Agís Gómez

D. Javier Iglesias Mougán

D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo

D.^a Beatriz Lomba Rodríguez

Sendo as doce horas e cinco minutos do día dezanove de xuño do ano dous mil vinte e seis, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D.^a María Ramallo Vázquez. Actúa como secretario o xefe do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión pola presidenta, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1. Aprobación da acta da sesión anterior (Expte. 2026040838)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: 5XR8FYPCS QLD36R1), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte de marzo do ano dous mil vinte e seis por unanimidade.



2. Ditaminar a aprobación da modificación do acordo núm. 4.8011, de data 23/06/2023, de concesión dunha subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa para realizar a actuación “Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa” ao abeiro do Programa PON2030, para reaxustar o financiamento (Expte. 2023030354)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚM. 4.8011, DE DATA 23/06/2023, DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA” AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO (Expte. 2023030354)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.8011 adoptado na sesión extraordinaria do 23/06/2023, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Vilagarcía de Arousa, con destino á execución da actuación denominada “Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030- Programa PON2030. O orzamento do investimento ascendía a 3.184.114,33€ e a subvención concedida a 1.000.000,00€ (31,41%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 2.184.114,33€ (68,59%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa PON2030, mediante a resolución presidencial núm. RP2023007216 de 22/09/2023, aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 28/12/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 3.8370 adoptado na sesión extraordinaria do 07/03/2025, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Vilagarcía de Arousa, con destino á execución da actuación denominada “Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra. O orzamento do investimento ascendía a 3.184.114,33€ e a subvención concedida a 1.100.000,00€ (34,55%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 2.084.114,33€ (65,45%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.g) do Plan Extra, mediante a resolución presidencial núm. RP2025003061 de 23/04/2025, aprobouse o correspondente convenio de



colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 25/04/2025.

- Para dar cumprimento ao establecido nas Bases Reguladoras do Programa PON2030 e do Plan Extra, en canto á obriga dos concellos beneficiarios de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, o Concello solicita da Deputación Provincial o día 29/04/2026 (núm. rexistro 2026009737) que se lle indique se é precisa a modificación dalgún dos convenios asinados para cofinanciar a actuación, xa que pola Resolución de 16/01/2026 da "Dirección General de Fondos Europeos" resólvese definitivamente a concesión dunha asignación da senda FEDER polo importe de 3.872.912,00 € ao Concello. Ese mesmo día, emítese requirimento por parte do Servizo de Cooperación (NOT2026010090) para que o Concello comunique a contía concreta cofinanciada polos mencionados fondos FEDER para a actuación "Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa".
- Na data 13/05/2026 (núm. rexistro 2026010730) o Concello de Vilagarcía de Arousa presenta no rexistro da Deputación un escrito da alcaldía onde se comunica que a contía concreta cofinanciada polos fondos FEDER prevese que ascenda a 1.905.068,60 €.
- O día 28/05/2026 emítese comunicación ao Concello por parte do servizo de Cooperación (NOT2026013533), no que se lle indica que ao producirse un exceso de financiamento respecto do custo total da actividade subvencionada (820.954,27 €), procede a minoración da achega provincial, de conformidade co establecido na base 20ª das reguladoras de ambos programas. Para estes efectos, comunícaselle ao Concello que deberá indicar expresamente se prefire minorar íntegramente o importe de exceso de financiación con cargo a un dos plans, repartir dita minoración de forma proporcional, ou polo importe que se indique a cada un dos Plans.
- Na data 01/06/2026 (núm. rexistro 2026011876), como constestación á comunicación efectuada polo Servizo de Cooperación o día 28/05/2026, o Concello de Vilagarcía de Arousa presenta escrito da alcaldía onde se solicita minorar íntegramente o exceso de financiación con cargo ao Programa PON2030 exclusivamente.
- Na data 02/06/2026 o xefe do Servizo de Cooperación presta conformidade á modificación do acordo de concesión do Programa PON2030, para reaxustar o financiamento.
- Na data 10/06/2026 a Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente.
- Na data 10/06/2026, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe favorable do xefe do Servizo de Cooperación relativo á modificación do acordo de concesión para reaxustar o financiamento.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Execución da Axenda 2030 – Programa PON2030
- Bases reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª de ambos Plans, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 4ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.d) da LSG, que establece como obriga do beneficiario comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que houberan fundamentado a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Cláusula Sétima dos convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 18ª das Bases Reguladoras de ambos programas, que establece que o Concello beneficiario obrígase a comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, estatal ou internacional, con expresión da súa contía.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Cláusula 9ª dos convenios, en concordancia coa Base reguladora 20ª de ambos programas, que establece que as subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada. Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do RLGS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas. No caso de que se obteña financiamento adicional, este considerase que reverte no 100% da achega municipal. De seguir existindo exceso de financiamento destinarase á minoración da achega da Deputación.



Competencia para resolver

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2026, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIONES

Visto que a modificación non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que a comunicación da obtención doutras axudas efectúase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e Plan Extra, e que coa mesma non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Á vista da concesión dunha axuda por importe de 1.905.068,60 € con cargo á senda financeira FEDER por parte da "Dirección General de Fondos Europeos", e visto o escrito da alcaldía presentado o día 01/06/2026 no que se solicita a minoración do exceso de financiación con cargo ao Programa PON2030 exclusivamente, o cadro-resumo da nova financiación da actuación "Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa" queda como se expón a continuación:

PON2030	179.045,73 €
PLAN EXTRA	1.100.000,00 €
CONCELLO VILAGARCÍA DE AROUSA	0,00 €
SUBVENCIÓN SENDA FINANCEIRA FEDER	1.905.068,60 €
ORZAMENTO TOTAL	3.184.114,33 €

Dado que existe un exceso de financiamento de 820.954,27 €, a subvención concedida con cargo ao Programa PON2030 pasa de 1.000.000,00 € a 179.045,73 €, manténdose invariable o importe da subvención concedida ao abeiro do Plan Extra. Así mesmo, a modificación do financiamento suporá a modificación do Convenio do programa PON2030, mediante a correspondente addenda, que recollerá o reaxuste das achegas entre a Deputación e o Concello.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe do xefe do Servizo de Cooperación de 02/06/2026 (CSV: gSKWDTUO286YVDU1), o informe da Secretaria Xeral de 10/06/2026 (CSV: 543WROUXVTVVEN99), e a dilixencia de conformidade de Intervención



de 10/06/2026 (CSV: XRFTY4AYYB8BG2oH), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBACIÓN da modificación do acordo plenario núm. 4.8011, do 23/06/2023, de concesión de subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROGRAMA PON2030	ACHEGA CONCELLO
3.184.114,33 €	179.045,73 €	3.005.068,60 €

A modificación do presente acordo suporá a modificación do Convenio, mediante a sinatura da correspondente addenda.

- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Vilagarcía de Arousa, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

3. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico modificado da actuación “Instalación deportiva en Bizocas” presentado polo Concello do Grove ao abeiro do Programa PON2030, e a modificación do acordo do pleno núm. 4.8011, de 23/06/2023, de concesión de subvención (expte. 2023030674)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “INSTALACIÓN DEPORTIVA EN BIZOCAS” PRESENTADO POLO CONCELLO DO GROVE AO



**ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO NÚM. 4.8011,
DE 23/06/2023, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (Expte. 2023030674)**

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello do Grove con destino á execución da actuación denominada “Instalación deportiva en Bizocas”, ao abeiro do Programa PON2030.
- O custo total da actuación ascendía a 930.411,13€ e a subvención concedida a 743.428,93€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 186.982,20€.
- O 11/01/2024 asínase o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello do Grove, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Mediante o acordo núm. 4.35312 de data 06/06/2025, a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan + Provincia 2025 Liña 1- Investimentos, acordou a concesión dunha subvención por importe de 186.982,20€ ao Concello, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, do investimento “Instalación deportiva en Bizocas” (expediente: 2025021355), polo que a Deputación financia a totalidade do investimento.
- Na data 24/11/2025 o Concello adxudica o contrato da obra por un importe de 925.759,09 €, resultando unha baixa de adxudicación de 4.652,04€ (0,5%). Na data 10/12/2025 formalízase o correspondente contrato administrativo.
- Na data 14/05/2026, o Concello do Grove presenta no rexistro da Deputación (núms. Rexistro WEB2026042451 e WEB2026042453) un proxecto modificado que incorpora prazas de aparcamento, a regularización topográfica, a formación de plataforma e base de aparcamento, a construción de muros de contención, elementos disuasorios, peches e proteccións, a implantación dun tanque de tormentas para aproveitamento de augas pluviais e a renaturalización do regato de Bizocas. O novo orzamento de adxudicación (aplicando a porcentaxe de baixa) ascende a 1.147.644,08€, resultando un incremento de 221.884,99€, dos cales pódense financiar con cargo á baixa de adxudicación 4.652,04 €, mentres que os 217.232,95 € restantes serán financiados polo concello, ou por outras axudas que poida obter, de acordo co compromiso de financiamento achegado.



- Examinado o proxecto modificado pola Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 na sesión de data 28/05/2026, conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios non afectan aos aspectos técnicos, aos obxectivos propostos da Axenda 2030, nin ás políticas panca consideradas no proxecto orixinal. Estes cambios non diminúen a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 12/06/2026 (CSV: ONVL4CL8TAZ6POSW), ratificado mediante a sinatura dos membros que forman parte da Comisión de Persoas Expertas.
- O día 15/06/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: 5Q7JCZQK62FoJKME).
- Na data 15/06/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: HX7WO13SJYQKFED1).
- O día 15/06/2026 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto modificado (CSV: UD4J83OOSCEHAB12).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio



- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030
- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello do Grove para a execución da actuación denominada “Instalación deportiva en Bizocas” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto



procederáse á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.

- Cláusula 6ª do Convenio, en concordancia coa Base reguladora 17ª da convocatoria, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas non aplicadas aplicarase proporcionalmente entre a Deputación e o Concello. No caso de non existir ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto modificado presentado polo Concello do Grove para a execución da actuación denominada “Instalación deportiva en Bizocas”, no marco do Programa PON2030, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O proxecto modificado incrementa o orzamento de adxudicación en 221.884,99 €. Tendo en conta que o importe da baixa de adxudicación se corresponde con 4.652,04 €, os 217.232,95 € restantes serán financiados polo Concello, ou por outras axudas que poida obter, de acordo co compromiso de financiamento achegado.

A Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non diminúen a puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto modificado preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico modificado da actuación “Instalación deportiva en Bizocas”, presentado polo Concello do Grove ao abeiro do Programa PON2030.



- MODIFICAR o acordo plenario nº 4.8011 do 23/06/2023, de concesión de subvención ao Concello do Grove para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PON2030	ACHEGA CONCELLO
1.147.644,08 €	743.428,93 €	404.215,15 €

- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello do Grove, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

4. Dar conta da aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo para levar a cabo a execución da obra “Humanización da rúa Rosalía de Castro, entre a rúa de Pontevedra e a rúa da República Argentina (Expte. 2026015504)

“De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais da aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo para levar a cabo a execución da obra “Humanización da rúa Rosalía de Castro, entre a rúa de Pontevedra e a rúa da República Argentina” (Expte.: 2026015504).

No convenio establécese o marco de colaboración entre a Deputación e o Concello de Vigo para levar a cabo a actuación denominada “Humanización da rúa Rosalía de Castro, entre a rúa de Pontevedra e a rúa da República Argentina”. O importe do orzamento de gastos que se contempla no convenio para a execución de dita actuación ascende a 2.418.628,83€ (2.163.628,83€ de orzamento base de licitación e 255.000,00€ de estimación de custos asociados á execución da obra). No convenio contéplase o financiamento mediante unha achega da Deputación de Pontevedra por importe de 1.700.000,00€ con cargo á anualidade do exercicio 2026.

Logo da pertinente revisión e emenda da documentación administrativa preceptiva que debe achegar o concello, na data 4 de xuño de 2026 completouse a fase de instrución, constando no



expediente todos os documentos e informes preceptivos e necesarios para a válida aprobación do convenio por parte do órgano competente da Deputación de Pontevedra.

Tal e como se sinala no informe da Intervención Provincial, con carácter previo á súa aprobación, debe someterse ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais. Non obstante, tendo en conta que a data de celebración da próxima Comisión Informativa sería, con carácter ordinario, o dezanove de xuño, co fin de realizar unha tramitación dilixente e en virtude dos principios de celeridade e eficiencia administrativas, estimouse axeitado someter a aprobación deste expediente na primeira sesión da Xunta de Goberno que se celebrou desde a total completude do expediente administrativo, condicionando a dita aprobación a que posteriormente se lle dea conta á Comisión Informativa.

Por tanto, a Xunta de Goberno provincial en sesión ordinaria do 12 de xuño do 2026 acordou aprobar o dito convenio, condicionado a que se lle dea conta á Comisión Informativa correspondente na primeira sesión que se celebre.

Exposta a urxencia debidamente motivada, dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais da aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo para levar a cabo a execución da obra "Humanización da rúa Rosalía de Castro, entre a rúa de Pontevedra e a rúa da República Argentina".

A Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais queda enterada da aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo para levar a cabo a execución da obra "Humanización da rúa Rosalía de Castro, entre a rúa de Pontevedra e a rúa da República Argentina".

5. Rogos e preguntas

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dez minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

Marcos Areán González

